

O xornal da Terra de Melide

Nº 76. Maio 2012. Distribución gratuíta

O éxito do I Salón da Voda garante próximas edicións

A Asociación de Empresarios Terra de Melide aposta por darlle continuidade ao Salón da Voda tras o grande éxito acadado na primeira edición. A feira nupcial, que congregou no Pazo de Congressos 57 negocios de 14 sectores diferentes, trouxo á vila centos de persoas chegadas de toda Galicia. Deste xeito conságrase, xunto coa pasarela "Melide Moda", como unha das principais vías de promoción para o comercio local. P5



EMPRESA

Asetem celebra asemblea xeral e valora o ano 2011 como "moi positivo" P3

COMARCA

PP de Santiso: "Non fai falta que haxa tres alcaldes no concello" P14

CULTURA

Recoñecemento á Escuela Ayude polo seu éxito nos nacionais de loita P20

ENTREVISTA



Melide, zona cero contra a fumigación de eucaliptos



Ducias de persoas denuncian na capital melidense que se pretende usar un insecticida "altamente tóxico" para tratar os eucaliptos da comarca. P11


A Festa do Melindre terá este ano seis embaixadores



Por primeira vez en vinte e un anos a Festa do Melindre, que se celebra o 13 de maio, incorpora á súa programación o nomeamento de embaixadores. P15

José Luis Ramos Rúa, Cafetería MJ

"Adaptámonos a todo tipo de clientes en función do día e da hora" P23



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ
ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA

- MEDICIÓN DE TERRENOS
- INFORMES PERICIALES
- PROYECTOS AGRÍCOLAS
- PARTICIÓN DE HERENCIAS (partixas)
- VALORACIONES - CATASTRO
- CONCENTRACIÓN PARCELARIA
- CONCESIÓN DE AGUAS (pozos, traídas vecinales, etc)

Tfno. / Fax: 981 50 54 82 - Móvil: 639 82 00 24 - E-mail: ingtec@teleline.es
Rúa Xosé Ramón Fernández Castro, 14 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Pan para hoxe, fame para mañá

A comarca da Terra de Melide e Galicia en xeral levan décadas convivindo coa presenza dos eucaliptos nos seus montes, unha árbore considerada invasora, que cada vez ten maior implantación e á que sempre acompañou certa polémica polos efectos destrutivos que ten sobre o terreo e as reservas hidráulicas. Nas últimas semanas, as noticias sobre as intencións de realizar fumigacións masivas cun produto considerado tóxico reavivaron as posicións enfrontadas e converteron Melide no centro das protestas a nivel autonómico.

Ninguén nega a importancia que ten a industria da madeira para a economía galega pero a rendibilidade, por continuar falando en termos monetarios, non debe pagarse a calquera prezo. Cómpre unha xestión sostible, respectuosa co propio medio natural e coas xentes que o habitan. Nesa aposta non hai lugar para a fumigación aérea cun produto, o flufenoxuron, probadamente nocivo. Sobran os argumentos para rexeitalo.

Comercializado baixo a marca "Cascade", o flufenoxuron é un insecticida contra os ácaros que será prohibido a partir do 1 de agosto en virtude dunha normativa aprobada pola Unión Europea. Diante desta inmediata prohibición, son moitas as voces



que denuncian unha carreira contrarreloxo por parte da industria química BASF, produtora do Cascade, e da patronal pasteira (ASPAPPEL) para dar saída aceleradamente aos stocks deste insecticida. Asistimos pois a un pacto de intereses económicos que conta coa complicidade das administracións e no que se obvia, unha vez máis, a súa repercusión sobre a cidadanía.

Na provincia da Coruña hai identificadas 40 zonas, denominadas "de tratamento químico", nas que se aplicará o Cascade con medios aéreos. Cada unha ten 8 quilómetros de diámetro e non só inclúen masa eucaliptal, senón tamén cursos fluviais, espazos da Rede Natura, zonas de cultivo e lugares habitados. A nosa propia saúde está en xogo se

temos en conta que o 60% dos produtos dispersados acaban fóra da área de fumigación e a súa toxicidade se espalla varios quilómetros arredor.

Por outra banda, os insecticidas en xeral e o flufenoxuron en particular, teñen un efecto devastador e mortífero sobre a poboación de abellas, ese insecto ao que non se lle dá a importancia suficiente pero que cumpre unha función vital no ecosistema. Segundo a FAO (Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura), dous terzos das plantas destinadas ao consumo humano son polinizadas polas abellas. O 75% da nosa alimentación depende da presenza destes insectos nos campos. Sexamos responsables e non fagamos do pan de hoxe a fame de mañá.

Tribuna de opinión

Nin un paso atrás

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



O tecido comercial de Melide non merece, nin pode permitirse, dar un paso atrás. Por todos é ben sabido que corren tempos difíciles e que nos enfrontamos a un futuro incerto que nos obrigará a cambiar as nosas rutinas, o noso xeito de funcionar, de mercar, de vender, de financiarnos... para os negocios e para as empresas, máis ca para ninguén.

A crise está a facer que nada sexa igual a como era antes e cando as circunstancias que nos rodean cambian, só os máis fortes e os que mellor se adaptan son capaces de sobrevivir. As leis da natureza poden aplicarse ao campo empresarial e son igual de crueis e inxustas. Sendo consciente de todo isto e do panorama presente, Asetem-Cca vén facendo dende o ano 2011

un importante labor de adaptación ás circunstancias que consistiu en optimizar todos os recursos ao alcance para continuar respondendo ás necesidades dos nosos asociados. Con novas formulacións e pequenos cambios, mantivéronse as campañas e as actividades que xa estaban en marcha ao tempo que se deu inicio a novos eventos.

Dende a convicción de que a mellor receita contra a crise é o movemento, a intención é continuar cunha liña similar a partir de agora pero facendo un esforzo adicional: Asetem debe fortalecerse e iso pasa por incorporar novos socios a este proxecto común. Sangue nova que supón máis recursos e máis ideas que nos permitan seguir camiñando. Con paso firme. Sempre cara adiante.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Santiago Prado Conde, Xosé Núñez López, Asociación de Troiteiros 'Río Furelos' de Melide, Rafael Rodríguez Gaioso

AGRADECIMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	11
-COMARCA.....	13
-CULTURA E LECER.....	15
-COLABORACIÓNS.....	22
-ENTREVISTA.....	23

Asetem fai un balance “positivo” de 2011 a pesar da crise económica

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) celebrou o pasado 3 de maio asemblea xeral ordinaria. Os membros da xunta directiva compareceron ante os socios da entidade para facer balance do exercicio de 2011, un ano marcado pola crise económica no que “os recursos dispoñibles foron menores, os esforzos maiores e as decisións máis difíciles”, segundo explicou Sonia Valiño, presidenta da patronal melidense.

Valiño recoñeceu que “foi necesario valorar detidamente todos os pasos que se deron ao longo do ano” pero destacou que “a pesar das adversidades, e sen dar un paso atrás, a asociación continuou adiante cos proxectos existentes e puxo en marcha outros novos, como a Pasarela de Moda”. É por iso que Asetem fai un balance “moi positivo” dun ano “difícil” e prevé seguir unha liña semellante no 2012. Nese sentido, no transcurso da asemblea acordouse realizar unha campaña intensiva de captación de socios. O obxectivo é contrarrestar a redución das subvencións e fortalecer a entidade nun momento no que se prevé que, en breve, as axudas concedidas dependerán do número de membros que teñan as asociacións. Na actualidade Asetem conta cun total de 153 asociados.

Obxectivos para 2012

Ademais da campaña de captación de socios acordada entre os asistentes á asemblea, a vicepresidenta de Asetem, Elena Quintas, deu a coñecer



Membros da xunta directiva presentaron o balance de actividades

os obxectivos que marcarán o funcionamento da patronal no presente exercicio. Entre os máis relevantes destacan dar continuidade á Pasarela de Moda e volver participar na organización do Salón da Voda. Outra das intencións é buscar novas vías de promoción para aqueles sectores de socios que ata agora tiveron menor proxección.

Tamén se contempla renovar o portal web de Asetem para facelo “máis dinámico e interactivo” e poñer en marcha un proxecto piloto de wifi-net para valorar se é rendible que os asociados compartan de xeito gratuito e libre a conexión a internet a partir da instalación dunha antena.

Rogos e preguntas

Unha vez que se aprobou por unanimidade tanto a acta como as contas do exercicio anterior, abriuse unha quenda de participación na que os

asistentes tomaron parte activamente aportando opinións e formulando numerosos rogos.

Houbo un gran consenso no referido a solicitar maior compromiso económico por parte das administracións públicas, en especial do Concello de Melide. Os socios consideran que a implicación non é suficiente tendo en conta a alta actividade que desenvolve Asetem e a súa contribución para dinamizar e promocionar a vila. Do mesmo xeito, os asistentes á asemblea esixiron que os socios teñan máis vantaxes e un trato preferente naquelas actividades que organice a patronal e nas que tamén participen negocios non asociados.

Por outra banda, demandóuselle á directiva de Asetem que faga presión para que se arranxe algunhas estradas municipais que están en mal estado. Ademais, acordouse cambiar a cea de confraternidade para finais de setembro.

Os socios de Melisanto apostan pola informática

Varios socios da Cooperativa Melisanto decidiron dar un paso adiante na xestión das súas granxas e en breve comezarán a utilizar unha aplicación informática denominada AinfoVac que lles permitirá controlar exhaustivamente todo o proceso produtivo das súas explotacións e coñecer que prácticas, animais e cultivos lles reportan beneficios e cales lles causan perdas.

AinfoVac ten un funcionamento sinxelo e traballa con catro grandes apartados. O primeiro deles consiste nun rexistro de todas as compras e vendas que se fan ao longo do mes. O segundo está destinado aos cultivos. Permite, entre outros aspectos, calcular o prezo por unidade a partir da introdución de datos como as horas de maquinaria empregadas, o custo das sementes e o uso de fertilizantes. Deste xeito o agricultor pode comprobar, por exemplo, se lle

compensa máis producir a súa propia forraxe ou mercala.

O terceiro apartado serve para xestionar a información relacionada co gando. Inclúe datos de produción de cada vaca, o número de partos que tivo, os tratamentos que levou, as inseminacións e outras variantes. Tamén facilita a conexión remota ao Control Leiteiro. O cuarto grande apartado de AinfoVac refírese aos gastos fixos da explotación: nóminas, préstamos, seguros, arrendamentos, etc...

A aplicación foi presentada nas instalacións da cooperativa polo presidente da Asociación de Usuarios de Software Libre de Melide, Rafael Rodríguez Gaioso, e o director técnico de AinfoGra, José Manuel Campos. Melisanto prevé organizar en breve un curso nas súas instalacións, aberto a todos os socios, para explicar máis polo miúdo o funcionamento desta nova ferramenta.



Rafael Rodríguez explicou as vantaxes do software libre

Set de 3 sartenes ecológicas al contratar tu nueva póliza de HOGAR.

Prima mínima de 150 € para pólizas contratadas entre el 01-03-2012 y el 31-05-2012

SEGUROS BILBAO

GRUPO CATALANA OCCIDENTE

Rodrigo Fernández Pombo
C/ Rda. de Pontevedra, 113
15800 - MELIDE
Tlf/Fax: 981 506 495
Móvil: 678 055 942

**CONVENIO ESPECIAL ASETEM:
PRECIOS ESPECIALES PARA ASOCIADOS**

VIDA, HOGAR Y ACCIDENTES

hasta el

**TU SEGURO DE VIDA, HOGAR Y ACCIDENTES
A PRECIO DE OTRAS TEMPORADAS**

25% descuento

Comercio de Melide, todo o que precisas para a túa voda

LA PONTE www.casauralaponte.com



Ponte Présaras, I - Andabao (BOIMORTO) Reservas: 902 112 445

Joyería Oro Ley
Taller propio




Rúa de San Pedro, 14
15800 MELIDE (A Coruña)
Tlf: 981 50 54 68

Patricia Méndez Asorey
Tel: 676 783 281
patryasorey@hotmail.com



Música clásica y moderna.
Bodas, recepciones y otras ceremonias
(comunión, bautizo, aniversario, premios, cumpleaños)

Chansons de la Vie
Música para amenización de eventos
Ofrecemos un repertorio clásico o moderno
dependiendo del tipo de ceremonia o evento: bodas
religiosas o civiles, cócteles, banquetes, cenas, eventos
empresariales o culturales...
Distintas formaciones con voces e instrumentos:
soprano, tenor, violín, violonchelo, contrabajo, piano,
órgano, guitarra, flauta, gaita...

657 152 259 www.chansonsdelavie.com

CUBALUX
café expresso

DELEGACIÓN CENTRAL:
986 363 475

DELEGACIÓN DE ZONA:
607 160 455

www.productosdelcafe.com

DISTRIBUCIONES **disal** ALBASER

BODA EN ROLLS
Alquiler de Rolls Royce
para Bodas y otros Eventos

Tel: 609 087 213

www.bodaenrolls.com
contacto@bodaenrolls.com

Facebook Twitter LinkedIn

animus
animadores musicales
Discotecas móviles y sonorización de eventos

www.animus.com.es
animus@animus.com.es
659 493 925 - 617 583 240

CERNE
PUBLICITAMOS
A TÚA VODA
O xornal
da Terra de Melide

STUDIO 21
DISCOTECAS MÓVILES

888 787 067 www.studio21.com.es

STUDIO 21
DISCOTECAS MÓVILES

La Gramola
discotecas móviles

Tu Fiesta personalizada,
con la mejor animación, y ...
¡ Al mejor precio !

www.lagramoladisco.com info@lagramoladisco.com 645223021

Asetem-Cca aposta por consolidar o Salón da Voda tras o éxito rotundo da primeira edición

A feira nupcial trouxo a Melide centos de persoas procedentes de toda Galicia

Malia que o Salón da Voda de Melide non xurdiu dunha historia de amor, comparte moitas das vivencias de quen decide pasar polo altar. Os preparativos comezaron meses atrás coa mesma ilusión e incerteza de quen se embarca nun proxecto por primeira vez e ten a intención de que dure para sempre. Agora que pasou e todo saíu ben, vive un momento doce, unha lúa de mel tras a que agarda consolidarse con novas edicións que continúen impulsando o comercio da comarca. Nese sentido, e tras o éxito da primeira cita, a Asociación de Empresarios Terra de Melide xa manifestou a súa intención de seguir colaborando para que o Salón da Voda sexa unha realidade no ano 2013 que sirva de plataforma para os seus asociados.

Un día de voda

O enlace non foi polo civil nin polo relixioso, nin na igrexa nin no xulgado. Foi no Pazo de Congresos e Exposicións, o lugar escollido para unha cerimonia que se había celebrar o 22 de abril a partir das 11 da mañá. Coma se dun casamento se tratase, o primeiro Salón da Voda de Melide tamén tivo os seus protagonistas. Máis neste caso non eran dous. Eran exactamente 57, todos e cada un dos comercios que participaron no evento. A expectación para eles era tan grande como para os centos de persoas que se achegaron ese día ao recinto para ver, probar, preguntar e falar das propostas que se ofrecían.

Non sabían os visitantes o que ían atopar e non sabían os comerciantes o que podía dar de si unha feira na que non dubidaron en involucrarse. A incerteza comezou a disiparse nos primeiros minutos tras a apertura de portas. Rodeada de lenzaría, Marifé Sánchez, de O Berencello, daba



Grupos musicais da vila puxéronlle banda sonora ao evento

conta dende o seu expositor das primeiras impresións: “ata eu me vin sorprendida polo ben que quedou todo. A xente traballou moito a decoración dos stands e dá gusto velos”.

Non hai padriño que leve noiva ao altar pero si un corredor de moqueta gris do que xorden novas opinións. Algúns stands máis abaixo, os responsables do Hotel Carlos 96 aseguran mentres se afanan en cortar xamón e servir cervexa que a fase inicial está superada: “quedou moi ben para ser o primeiro ano. Hai variedade e calidade. Agora só falta que se consolide e que continúe vindo máis xente”. E a xente, os invitados, viñeron. E tamén responderon de boa maneira.

Visitantes de toda Galicia

O Salón da Voda rexistrou unha afluencia notable durante todo o día, aínda que foi pola tarde cando se achegou un maior número de parellas coa idea do matrimonio na mente. “A primeira hora da mañá veu moita xente maior que non sabía moi ben de que se trataba e incluso pensaban que era o Mercamelide. As parellas con plans de voda comezaron a vir máis tarde”.

Quen falan son os representantes de La Gramola Discoteca Móvil, que confirman a oportunidade da data escollida para a celebración do salón: “pode parecer tardía, pero é a única feira de vodas que hai nesta época en toda Galicia e

iso atrae xente”. Trátase, segundo indican, “dos noivos que xa teñen todo pechado pero aínda lles falta algún detalle, dos que decidiron casar a última hora e andan agobiados e dos que casan para o ano e xa comezan a coller ideas”.

Entre un deses grupos de visitantes están Carlos e Noelia que, chegados de Santiago, atoparon no Salón da Voda unha boa oportunidade para acabar de organizar a súa voda: “casamos a finais de setembro e, aínda que o máis importante xa o temos atado, aínda nos faltan moitas cousas por contratar”. En La Gramola atenderon a seis parellas en pouco máis de dúas horas. Eran da Terra de Melide pero tamén de Santiago, Lugo “e incluso agardamos que veña unha parella de Cee que soubo da feira a través do noso facebook”, comentan.

Sen dúbida, o evento tivo repercusión a nivel galego: “acabo de atender a unha parella de Ourense”, asegura Virginia, de Xoiería Oro Ley. “Algunha xente vén só por pasear e ver o que hai, pero tamén hai moita que se para e pregunta. No meu caso as alianzas é o que maior interese está despertando”. Á marxe do interese, maior ou menor, que suscitaron as propostas, dende o stand de Toanma insisten na razón de ser do salón: “lo importante es que nos vean, que nos escuchen, que la gente sepa todo lo que hay en Melide”.



A decoración floral foi outro dos atractivos da feira

Unha feira dinámica que deixou bo sabor de boca

A primeira edición do Salón da Voda foi máis ca unha feira sectorial. Foi tamén toda unha festa para os sentidos: pequenos universos sucedéronse stand tras stand cunha gran variedade non só de produtos e servizos, senón de cores, de deseños, de estilo, de propostas orixinais. Un salón vistoso polos coches de época que presidiron o espazo central do recinto e que foron obxecto de centos de fotografías, vistoso tamén polas acrobacias dun barman e polos paseos dunha noiva con traxe de galletas. A viaxe transcorreu por momentos entre corredores de flores e incluíu paradas en luxosas mesas para invitados, ante apetitosas tartas de tres pisos e de mobles que invitaban ao descanso. Vistosa foi a feria pola elegancia dos cortadores de xamón, que non foron os únicos en dar gusto ao padal. A degustación de produtos, dende doces ata viños, café, empanada e outros manxares artesanais foi a aposta de varios expositores. Todo un cóctel de sensacións que tivo como banda sonora constante a excelente música en directo de varios grupos locais.



Enrique Romaní, campión galego de coctelería, fixo varias exhibicións no stand de Distribuciones O Carrizo

Casa comigo... en Melide, o álbum de fotos do Salón da Voda



As fecais do polígono irán para a EDAR municipal

Finalmente o Polígono Industrial de Melide non terá depuradora propia. Os vertidos da Madanela desviaránse ata a Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) municipal e alí serán tratados. Así llo confirmaron os técnicos de Augas de Galicia á alcaldesa, Ánxeles Vázquez, quen se mostrou “moi satisfeita” pola decisión tomada e asegura que “nos vindeiros meses” se verá solucionado un problema para o que os empresarios locais levaban reclamando solucións dende hai moitos anos.

Segundo informa o Concello, serán os propios técnicos de Augas de Galicia os que redacten o proxecto para desviar a rede do polígono ata a depuradora municipal. Primeiramente detectarán as zonas onde conflúen as augas residuais e as pluviais e a continuación procederase a desenvolver as canalizacións pertinentes para que as augas

fecais se desvíen directamente á EDAR que dá servizo á capital melidense e ás parroquias veciñas.

O goberno local estima que a solución adoptada é a máis idónea xa que, segundo estimacións propias, a canalización do saneamento dende a Madanela ata a EdAR municipal suporá un investimento aproximado de 1,2 millóns de euros mentres que dotar ao polígono dunha depuradora en condicións podería elevar a inversión ata os 3 millóns.

Por outra banda, consideran que o proxecto formulado por Augas de Galicia é totalmente viable xa que a depuradora de Melide foi proxectada no seu día por encima das necesidades reais e está preparada para tratar as augas residuais dunha poboación de ata 15.000 habitantes. Na actualidade son uns 4.500 veciños os que se benefician desta infraestrutura municipal.

O GDR asume as restricións do Leader e busca alternativas de financiamento

O Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla-Tambre-Mandeo (GDR UTM) afronta un ano 2012 complicado no que buscará alternativas para que as restricións nos orzamentos do Plan Leader non deixen na cuneta ningún proxecto “de proveito” para a comarca.

Esta é a premisa básica dunha planificación de actividades que foi presentada na Asemblea Xeral do organismo o pasado 26 de abril e na que se recolle que “o GDR debe asumir a realidade de que o Plan Leader non será a solución para todos os proxectos que se acheguen á súa oficina técnica”. Dende o GDR asegúrase que o programa europeo está a sufrir “duras restricións orzamentarias das que a poboación apenas é consciente”.

Ante este complexo panorama, a loita por lograr que se liberen os fondos retidos “e se concedan axudas polo importe íntegro” será o seu principal

cabalo de batalla ao longo de 2012. Por outra banda o GDR buscará outras fontes de financiamento e proxectos financiados ao 100% ao tempo que solicitará reunións con responsables da Xunta “para procurar unha solución á situación actual”.

Balance de 2011

Durante o último exercicio o GDR Ulla-Tambre-Mandeo recibiu 29 solicitudes de emprendedores da comarca, das cales se resolveron 8. As 21

restantes están en proceso de análise e valoración. En total, os proxectos aprobados en 2011 suman un investimento de 2.474.000 euros e as axudas concedidas 861.000. Todos os promotores que podían abastecerse dos equipamentos necesarios dentro do territorio do GDR asinaron o compromiso de utilizar empresas da zona para construír os seus proxectos. En conxunto creáronse nove postos de traballo directos e consolidáronse outros dez xa existentes.

Xa están dispoñibles para os socios as bolsas do Centro Comercial Aberto

Os afiliados á Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) xa poden pasar pola sede da patronal, na rúa Lino Sexto Sánchez para recoller as bolsas co logo do Centro Comercial Aberto. A cada comercio corresponderánelles, na primeira quenda, entre 100 e 150 bolsas. Poderán elixir entre tres tamaños diferentes (pequeno, mediano e grande) e deberán aboar 10 céntimos de euros por cada unidade. O resto do custo é financiado pola Dirección Xeral de comercio e Asetem.





CasaQuinzan
RESTAURANTE

**Comedores privados.
Reservas para grupos.
Comidas y cenas para empresas.
Menú del día (lunes a viernes).**



**Tíno.: 981 505 325 - Rúa do Convento, 7
15800 MELIDE (A Coruña)
restaurantecasaquinzan@gmail.com**



CAFETERÍA - PIZZERÍA

Telf. 981 50 79 06

**Avda de Lugo, 25
MELIDE (A Coruña)**



EMPRENDEDORES EN MELIDE

CARLOS GÓMEZ VEGA, “PELUQUERÍA GÓMEZ-ANDÓN”

“Tentamos incorporar novidades e estar ao día das últimas técnicas”

-Celebra o 6º aniversario coa apertura dun novo local. Por que decidiu cambiarse?

-No local antigo, na Rúa Os Garceiras, tiña pouco espazo. Ao principio chegábame porque traballaba eu só, aínda que á semana de abrir xa tiven que coller unha empregada, pero axiña empezou a aumentar a clientela e facíase moi pequeno. Por outra banda, a zona perdeu moito movemento dende que pechou o supermercado Froiz. Este local gustoume pola situación e ten case o dobre de superficie, o que me permitirá ofrecer novos servizos.

-A que servizos se refire?

-Estou pensando en incorporar a cavitación estética, que son técnicas enfocadas ao adelgazamento e ao tratamento da celulite, entre outras

cousas. Agora tamén dispoñemos dun espazo máis amplo e cómodo para o solarium e para o servizo de fotodepilación, que o prestamos a través dun centro médico-estético da Coruña que se despraza ata aquí e co que levamos traballando tres anos.

-A nivel de perruquería, que servizos presta?

-Os básicos que se poden atopar en calquera perruquería pero sempre facendo un esforzo por incorporar as últimas novidades. Agora, por exemplo, estamos facendo alisados de queratina, que están de moda. En realidade é un tratamento para rexenerar o cabelo danado pero empregando unha prancha e certos produtos pódese conseguir un alisado perfecto. Tamén facemos extensións de pelo natural que pode poñer e sacar a

clienta na súa casa sen necesidade de vir á perruquería.

-Fai algún tipo de ofertas ou descontos?

- Con motivo do sexto aniversario temos unha promoción especial para as nosas clientas e por cada cinco peiteados regalámoslle un. Sempre facemos ofertas de color cada dous meses. Ás veces tamén facemos outra que consiste en regalar un color con mechas á clienta por cada seis ou sete peiteados. Se non se tiñe, regalámoslle un tratamento reestruturante. Ademais ás noivas facémoslles un bono con todo incluído: depilación, probas de maquillaxe e peiteados, pedicura, manicura, todo o que precisa facer. Poñémoslles cita e atendémolas en exclusiva.

-Atenden a homes?

-Sí, é unha perruquería unisex



Carlos apostou por unha estética moderna para o novo local

e para eles temos os mesmos servizos. Tamén atendemos a nenos de todas as idades. A nosa idea con respecto aos homes é traballar algo máis ca o simple corte de pelo pero aquí a xente aínda é un pouco reticente. Poñen cara rara cando lles falas de pintar o pelo.

-Cal cre que é a mellor ferramenta para facer

fronte á competencia?

-Ofrecer confianza e apostar por cousas distintas e novas para tratar de destacar un pouco. Nós agora queremos usar unha PDA para introducir unha foto da clienta e que vaia probando diferentes looks antes de facer o cambio real. Algunhas son reticentes a cambiar de peiteado e iso pode axudarlles a atreverse.

**GÓMEZ
Andón**
PELUQUERÍA MIXTA

Tfno.: **981 507 539** (cita previa)

C/. Eduardo Álvarez Carballido, 1 A-B
15800 MELIDE (A Coruña)

E-mail: gomezandon@hotmail.com

EMPRENDEDORES EN MELIDE

“Quique Artesán”, tenda de instrumentos musicais

Sendo Melide terra de gaiteiros, non había na vila onde mercar unha simple palleta. Ben certo é que na casa do ferreiro, o coitelo é de pau. Tan impropia situación forma parte xa da historia grazas ao espírito emprendedor de Quique García e Pilar Cea, que ultiman a posta en marcha dunha tenda de música tradicional con obradoiro de gaitas. Faltan detalles e segue pendente a inauguración oficial, pero dende hai varias semanas as portas de “Quique Artesán”, na Rúa Florentino López Cuevillas, xa están abertas para gloria dos músicos da comarca. O comercio melidense botaba de menos unha tenda coma esta.

Quique tiña claro dende había tempo que existía un oco por cubrir. Cando a crise económica afectou ao seu posto de traballo, viu a oportunidade para montar o negocio no que tiña postas ilusións e para dar o salto do terreo afeccionado ao profesional: “hai catro anos que asisto a clase de gaita e vexo que cada vez se apunta máis xente. O mesmo pasa nas clases de percusión, con alumnos chegados dende Sobrado, Arzúa... de todos os sitios. Había unha demanda que estaba sen atender e iso animoume a dar o paso”.

Así naceu “Quique Artesán”, un establecemento enfocado á fabricación artesanal de gaitas que inclúe ademais un taller de confección propio para que saian todas “ben vestidas”. Do mesmo fío saen tamén fundas de tamaños, formas e deseños variados. Boa parte delas están xa expostas na que é a terceira pata deste negocio; unha tenda para a venda de todo tipo de instrumentos e accesorios musicais.

Gaitas feitas á man

“Tallar a madeira encántame”. Non hai dúbidas para Quique García cando fala dunha das súas paixóns dende pequeno. Das súas mans con maña axiña han saír as primeiras gaitas: “gustándome como me gustan estas cousas, estiven

mirando se había algún curso ou obradoiro para aprender a facelas pero único sitio que atopei está en Vigo, é a universidade e require catro anos de estudo”.

O interese fixo superar calquera obstáculo e Quique logrou convencer a un artesán para que lle ensinase os segredos da fabricación de gaitas. Leva varios meses aprendendo ao seu carón e aínda que os anos de afección á talla da madeira o converten nun alumno avantaxado, é consciente de que toda técnica require o seu tempo. Mentres segue a practicar, na tenda xa hai gaitas á venda: para gaiteiros experimentados e para principiantes, con prezos económicos dende 250 euros en adiante. A venda vai acompañada tamén dun servizo de reparación que se fai extensible ao resto de instrumentos tradicionais.

Ao gusto do consumidor

Que tradición e modernidade poden ir da man é algo que teñen moi claro nesta nova tenda de Melide. O taller de confección que incorpora o negocio permitiralle ao cliente personalizar a súa gaita e escoller por catálogo a tea e o deseño para a funda do fol. Outro tanto sucede cas fundas dos instrumentos; as das pandeiretas que locen xa nun expositor da tenda, feitas en

coiro, skay, tea e borreguillo dan unha idea da enorme variedade de propostas que se poden realizar. Tantos como peticións faga o cliente. As posibilidades serán maiores nun breve espazo de tempo, en canto “Quique artesán” conte cunha máquina de bordado que permitirá reproducir calquera debuxo que se queira. “Procuraremos traballar sempre de acordo coas demandas e as necesidades persoais do consumidor”, comenta Quique, “hai unhas semanas véu unha persoa pedirnos unha funda para levar catro gaitas xuntas. Démoslle voltas á cabeza, deseñámola e fixémosla”.

Venda por catálogo

Malia que o pilar fundamental desta nova tenda é a fabricación artesanal de gaitas, en “Quique Artesán” poderá atoparse todo tipo de instrumentos, moitos dos cales se venderán por catálogo, incluídas as acordeóns das prestixiosas marcas Hohner e Paolo Soprani. “Achégase moita xente a preguntar e xa vendemos palletas, pallóns, recambios para foles, atrís, de todo...”, sinala Quique.

A tenda vai medrando paso a paso e ao mesmo ritmo medra a súa páxina web. En www.quiqueartesan.es pode atoparse xa unha boa mostra do que ofrece este negocio.



Quique García e Pilar Cea na súa tenda da rúa López Cuevillas



Artesanía en madeira por encarga. Entre gaitas e demais instrumentos, no obradoiro de Quique García tamén hai espazo para a talla da madeira. Admite traballos por encarga, dende cadros ata escudos pasando por todo tipo de figuras. Non hai segredos para quen leva anos cas ferramentas nas mans e sabe aplicar con tino as doses axeitadas de paciencia e precisión.

Artesanía en madeira e Instrumentos Tradicionais

Florentino L. Cuevillas, 6 Baixo
15800 MELIDE (A Coruña)

Tfnos.: 981 505 598
625 510 401
artesianiaquique@gmail.com
www.quiqueartesan.es

EMPRENDEDORES EN MELIDE

Café Güzel trae a esencia da mellor comida turca

En Melide hai un curruncho con sabores e olores que nos transportan a Estambul. Xa non é preciso viaxar para deleitarse cos praceres da mellor comida turca, que acaba de chegar á vila da man de Fernando Sanmartín e Filomena Prieto. Eles son os responsables de Güzel, un café-restaurante situado na Rúa Progreso que ofrece toda unha especialidade en kebaps e que está a ter unha excelente acollida por parte da clientela nas súas primeiras semanas de andaina.

Fernando e Filomena buscaban unha liña de negocio innovadora e diferente. Un bo día xurdiu de entre as páxinas dunha revista para emprendedores a idea de montar o que comunmente se coñece como “un kebab”. O proxecto axiña colleu forma e Fernando non dubidou en viaxar ata Estambul para “investigar todo sobre o negocio” e para aprender de primeira man como traballar a carne e como cortala. Chegou de volta cun saco de consellos



Carlos Sanmartín e Filomena Prieto no seu local

e a lección aprendida: “a esencia é a forma de cociñala; trátase de carne prensada posta nuns asadores que xiran e que se vai facendo pouco a pouco. Iso dálle un toque especial. Cando sacas o que está cociñado queda de novo fresca. É carne feita ao momento”.

Tenreira e polo “de primeira calidade”, asegura Fer-

nando, que ten clara a aposta do seu negocio: “preferimos sacar menos rendimento pero dar por enriba de todo calidade e bo servizo”. Iso é o que explica que fagan todas as salsas de xeito artesanal e que, entre outras cousas, fritan as patacas “en aceite de oliva virxe extra”. Filomena asente para engadir de seguido que



A carne vaise facendo pouco a pouco e sempre está fresca

calidade e prezo van da man: “sabemos o momento que vivimos e temos prezos moderados en todos os produtos”.

A aposta é idéntica para esoutra liña do negocio, a cafetería, de cuxa boa marcha están sorprendidos: “non só está saíndo ben a carne, quizais pola novidade, senón que tamén estamos funcionando de

marabilla como café. Pola tarde ata temos partidas de cartas e as mañás, que empezaron máis frouxas, axiña se comezaron a animar”.

Güzel bota a andar con boa marcha e o firme convencemento de ser un local especializado pero non exclusivista: “aquí todo o mundo será sempre benvido”.



Encargas tfo.: 881 972 538 / Rúa Progreso - Melide

Döner Kebab

Döner Kebab Pollo.....	3.00 €
Döner Kebab Pollo Doble.....	3.75 €
Döner Kebab Swawarna de Ternera.....	3.50 €
Döner Kebab Swawarna Ternera Doble...	4.25 €
Döner Kebab Vegetal.....	3.00 €
Döner Kebab Falafel.....	3.50 €

Dürüm Kebab

Dürüm Pollo.....	3.50 €
Dürüm Pollo Doble.....	4.00 €
Dürüm Swawarna de Ternera.....	4.00 €
Dürüm Swawarna Ternera Doble.....	4.50 €
Dürüm Vegetal.....	3.00 €
Dürüm Falafel.....	3.50 €

Platos Combinados

Plato Kebab Pollo.....	5.00 €
Plato Swawarna.....	5.50 €
Plato Vegetal.....	4.50 €
Plato Falafel.....	5.00 €
Plato Güzel.....	6.50 €
Plato Alitas.....	5.50 €

Menú

Menú Döner.....	5.50 €
(Döner+patatas+bebida)	
Menú Dürüm.....	6.00 €
(Dürüm+patatas+bebida)	

Dürüm especiales, ensaladas, raciones, postres...

Melide convértese no centro das protestas contra a fumigación aérea de eucaliptos

Ducias de persoas secundaron a convocatoria da Plataforma contra as Fumigacións e desprazáronse ata Melide o pasado 29 de abril para protestar contra o uso de produtos químicos no tratamento dos eucaliptos afectados pola praga do gurgullo, un insecto que ataca os brotes da planta e non a deixa medrar. Denuncian que a Xunta e varios concellos, entre eles o de Melide, están a promover fumigacións aéreas cun insecticida denominado Flufenoxuron, e comercializado baixo a marca Cascade, que resulta “altamente tóxico” para as persoas, a fauna e o medio ambiente.

A Plataforma contra as Fumigacións acusa ao goberno local de emitir bandos informativos nos que “insta” aos propietarios de eucaliptais do termo municipal “a dar a súa autorización para este tipo de fumigacións”. De aí que elixiran a vila de Melide para convertela na zona cero das reivindicacións. Ante a imposibilidade de realizar unha

manifestación, tal e como tiñan previsto, por non obter permiso da Subdelegación do Goberno, os participantes na protesta desenvolveron unha campaña informativa. Provisos de sulfatadoras, pancartas e mesmo disfrazados de abella, distribuíronse en pequenos grupos para repartir centos de folletos informativos por unhas rúas ateigadas de xente ao ser día de feira grande e coincidir coa foliada.

Será prohibido

A Plataforma contra as Fumigacións xa presentou unha denuncia nos xulgados de Compostela contra o posible uso do Flufenoxuron no tratamento dos eucaliptos, un produto que será prohibido a partir do 1 de agosto en toda a Unión Europea por considerarse tóxico. Na actualidade forma parte do grupo de insecticidas en moratoria.

O Sindicato Labrego Galego (SLG) solicitoulle ao concello de Melide que paralice a tramitación de permisos para



Os manifestantes, disfrazados de abella, na Praza das Universidades

realizar fumigacións xa que, asegura, a aplicación de insecticidas a través de avionetas pode ter un “forte impacto” na saúde das persoas. Engade que está probado que ata o 60% dos agrotóxicos dispersados por medios aéreos adoitan caer fóra do seu obxectivo e a expandirse a quilómetros de distancia del. Para o SLG “hai industrias que queren vender

o stock antes de agosto e as administracións públicas ceden ante intereses empresariais”.

Pola súa banda, a Consellería do Medio Rural mantén que o único tratamento que se aplica na actualidade é biolóxico; un parásito que impide o desenvolvemento das larvas do gurgullo. Asegura que en doses correctas o Flufenoxuron non causa problemas.

O PP di que a herdanza do bipartito impide ter as contas ao día

Case un ano despois do cambio de goberno, a herdanza recibida polo bipartito BNG-PSOE segue a ser motivo de polémica. O goberno local sinala que “continúan aparecendo facturas pendentes da pasada lexislatura” que “dificultan as tarefas de contabilidade”. O PP denuncia que atoparon facturas “de traballos realizados en anos anteriores das cales non teñen constancia os servizos de intervención, tendo que facer fronte incluso a facturas anuladas polo bipartito”. Isto, aseguran, fai que “as contas non poidan estar totalmente ao día como nos gustaría”.

A Xunta de Goberno Local vén de dar luz verde a unha partida económica de case 300.000 euros para o pago de gastos correntes. Parte son do exercicio de 2011 e acumulan 86.425 euros. Os resto pertencen ao ano en curso e ascenden a 296.692 euros.

Os Presupostos do Estado poñen freo á autovía por Melide e á Casa da Cultura

Longamente demandada, a A-54 entre Santiago e Lugo ao seu paso por Melide terá que seguir esperando para ser unha realidade. Os Presupostos Xerais do Estado (PXE) para 2012 reservan para o treito comprendido entre Arzúa e Pallas de Rei preto de 1,1 millóns de euros, unha cantidade insuficiente para cumprir cos prazos establecidos.

No caso do tramo entre a capital arzuá e o municipio melidense, a asignación é duns 100.000 euros, destinada para a redacción do proxecto. A proxección para os próximos anos ascende a 1,04 e 1,2 millóns de euros para 2013 e 2014 respectivamente. Para o percorrido entre Melide e Pallas de Rei, que saíu a licitación o pasado mes de agosto, o Ministerio de Fomento reserva 435.320 euros para a parte da Coruña e 532.060 para a correspondente á provincia de Lugo.

A alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, valora positivamente os PXE. No transcurso dunha intervención na radio municipal sinalou que “ata agora nin sequera había proxecto e sen proxecto non hai autovía. Aínda que a contía non é moi grande, danse os pasos en firme para que se leve a cabo”.

Casa da cultura

A rexedora melidense laiouse que os PXE non inclúan unha partida para rematar a Casa da Cultura. Asegura que realizará todas as xestións necesarias para conseguir a axuda do Estado a través dunha subvención ou convenio que permita rematar a infraestrutura antes da fin de lexislatura. O BNG acusa ao goberno local de mentir. Mantén que “nega” a existencia dunha partida económica e pídelle que faga efectivos os 500.000 euros que aseguran ter conseguido cando ostentaban a alcaldía.

O Xacobeo evita a derruba das casas das Coles pero non define o seu futuro

As casas da Praza das Coles terán en breve unha imaxe máis saudable. O pasado 8 de maio daba comezo a primeira fase de rehabilitación destes dous inmobles que levan anos en estado ruinoso, correndo risco de derrubamento e supoñendo incluso un serio perigo para os viandantes.

Os traballos de restauración, que acomete a empresa Tragsa, rematarán no mes de xullo e consistirán en varias actuacións básicas destinadas a evitar que os edificios se veñan abaixo. En concreto, botaráselles un novo tellado, baleiraranse por dentro e reforzaranse as fachadas. As obras contan cun orzamento de 46.050 euros que achega o Xacobeo. Unha vez que rematen, taparase a fronte dos inmobles cun vinilo con imaxes de Melide para combater o feísmo e reducir o impacto visual. Segundo o goberno local, este panel estará instalado de forma “temporal” á espera de que Xunta e Concello “deter-



A colocación dos andamios comezou o 7 de maio

minen o uso que se lle vai dar á construción”.

Esta é unha das grandes incógnitas. Cando o Xacobeo adquiriu as casas das Coles no ano 2009 por un valor de 180.000 euros, existía un proxecto para transformar os edificios nun centro de interpretación do Camiño de Santiago. A idea quedou aparcada tras o cambio de goberno na administración autonómica e

a día de hoxe segue sen coñecerse o uso que se lles dará no futuro. Entre algunhas das posibilidades barállase a creación dun novo albergue para peregrinos ou dun museo.

O concello considera que a restauración inicial destes dous edificios é un primeiro paso para chegar á mellora integral “dunha praza de grande tradición” e tamén das construcións máis antigas da vila.

Santín Amo asume a portavocía do BNG tras a renuncia de Cea

A recente renuncia de Socorro Cea á súa acta de concelleira marca un punto e aparte no BNG local. A formación nacionalista inicia unha nova etapa que estará liderada por Xosé María Santín Amo, quen asume a portavocía do grupo municipal tras o abandono da política activa por parte da que foi alcaldesa de Melide entre os anos 2007 e 2011.

Santín Amo, médico neurorurxián de 31 anos, ocupaba o número dous da lista do BNG e tomou posesión como concelleiro por primeira vez nas últimas eleccións municipais. Foi elixido por unanimidade do Consello Local, que ve nel “a persoa que concentra a capacidade, a frescura e a responsabilidade política para encabezar un proxecto serio”. O novo voceiro dos nacionalistas asegura que fará unha oposición “seria, activa, traballadora e limpa” e di que asume o cargo “coa responsabilidade de continuar o moito camiño andado por Socorro Cea”. O BNG local define como “exemplar” o traballo desenvolto por Cea durante a súa etapa, unha traxectoria que, no seu xuízo, “conseguiu transformar Melide”.

A fin dun ciclo

Socorro Cea formalizaba a súa baixa o pasado 13 de abril am-



Santín Amo (primeiro pola esquerda) e Cea (no centro) durante a presentación da candidatura do BNG ás municipais en 2011

parándose en motivos persoais e na súa próxima maternidade. Coa súa marcha pon fin a nove anos como líder do BNG local e pecha a etapa de maior representatividade do nacionalismo no concello de Melide. En 1999 figurou por primeira vez na candidatura do BNG ás eleccións municipais, ocupando o posto número cinco da lista.

Catro anos máis tarde pasou a ser cabeza de cartel e o partido duplicou a representación, pasando de dous a catro concelleiros. Exerceu como deputada provincial e no ano 2007 fixose co bastón de mando tras pactar co PSOE, converténdose na primeira alcaldesa nacionalista do municipio. Nas derradeiras elec-

cións perdeu a alcaldía tras a vitoria do PP con maioría absoluta. Cea segue formando parte da militancia nacionalista e da Comisión Nacional de Garantías do BNG.

Renuncias á vacante

Xosé Ramón Laya Gómez, número nove da candidatura que o BNG presentou ás últimas eleccións municipais, será quen ocupe o asento de concelleiro que deixou vacante Socorro Cea. A substitución resultou complicada para o grupo nacionalista xa que catro membros da lista electoral do BNG presentaron a súa renuncia alegando motivos persoais. Trátase de Dalia Núñez, Antonio Díaz, Uxía Fuciños e Xosé Vázquez.

Jesús Pampín, ganador do VII Campionato de pesca cunha captura de 9 troitas



Jesús Pampín (segundo pola esquerda) xunto co resto de ganadores

Jesús Pampín Negro, de Melide, proclamouse vencedor do VII Campionato de Pesca “Terra de Melide” ao conseguir meter no cesto 9 troitas en algo máis de catro horas que durou a competición. O segundo posto ocupouno Iván Bruzos Cendán, de Palas de Rei, con 8 capturas. En terceiro lugar quedou Rubén Gómez Lodeiro, tamén de Melide, que pescou 7 troitas. O premio para a mellor captura recaeu en Antonio Sánchez Carril, que presentou unha troita de 29 centímetros.

Os ganadores recibiron os correspondentes premios na Cervexería Orois, onde se celebrou un xantar de confraternidade para os participantes. A Asociación de Troiteiros “Río Furelos”, organizadora do evento, define como “impecable” o desenvolvemento dun campionato que estivo determinado polas primeiras choivas da primavera despois dunha seca prolongada. Cualifica ademais de “extraordinario” o comportamento dos 15 participantes elixidos por sorteo de entre todos os inscritos.

FOTO-DENUNCIA

En verde para as chapuzas



Máis ca agardar a que o semáforo cambie de cor para cruzar, en Melide hai que agardar que non caia ao chan no momento menos pensado. Os dispositivos da Rúa Progreso semellan ter algún problema de suxeición, pero non hai nada que non amañe un par de voltas de cinta adhesiva. Como é este un material vulnerable ás condicións climatolóxicas,

non está de menos engadir unha abrazadeira de plástico, o cal contribúe tamén a mellorar a estética do arranxo. Sen dúbida, Melide está proxectando con este tipo de actuacións unha mala imaxe entre os moitos turistas e peregrinos que cruzan por un dos puntos máis céntricos da vila. Queda polo menos un consolo: os semáforos funcionan.

NOTICIAS

Praza na Escola Infantil

O Concello de Melide abriu o período de inscrición para matricularse ou reservar praza na Escola Infantil Municipal de cara ao vindeiro curso 2012-2013. O prazo permanecerá aberto ata o 15 de maio e a entrega de solicitudes poderá facerse na propia escola. Aqueles alumnos que xa fosen admitidos en cursos anteriores terán garantido o seu acceso sen necesidade de someterse a ningún proceso de admisión.

Unha troita de 2 quilos

Foi a sorpresa dos inicios da tempada pesqueira en Melide: unha troita de 1.970 quilogramos e 48 centímetros de lonxitude que foi pescada nas augas do Río Furelos. O artífice de tal fazaña, Iván Bruzos Cendán, capturou o exemplar no tramo acoutado dos Pasales dos Pereiros, a culleriña número cero e cun sedal de 14 milímetros. Por se non fose dabondo, Bruzos capturou ese día outras 9 troitas de medida legal.

Recuperados os datos

Finalmente o Concello de Melide logrou recuperar os datos informáticos co listado de socios da piscina climatizada. Deste xeito os aboados non terán que darse de novo de alta e será suficiente con que pasen polo recinto deportivo para asinar a autorización para o abono do recibo mensual polo uso das instalacións. A piscina estreou este mes novas actividades e número de teléfono para a atención aos usuarios: 981 50 77 52.

Despido improcedente

O BNG de Melide denuncia que o concello foi condenado a pagar 18.066 euros polo despido dun profesor do conservatorio en xullo. Segundo os nacionalistas, xa son tres os casos de despidos improcedentes recoñecidos polos xulgados. Aseguran que “en menos dun ano de goberno o PP leva pagado case 40.000 euros en indemnizacións”. Para o BNG os despidos obedecen a “fins partidistas” e non a criterios laborais.

O Ping Pong bota raíces entre os cativos de Santiso



Os escolares de Santiso participaron en dous campionatos provinciais

Comezou como unha actividade extraescolar máis pero en pouco tempo o ping pong converteuse nunha das prácticas favoritas para os rapaces e rapazas que participan no programa multideporte de Santiso. As xornadas de adestramento no CEIP de Arce-diago comezan a dar os seus froitos e sete escolares de 2º de primaria en adiante xa tiveron a oportunidade de participar nos torneos provinciais de

Oroso e Santiago, competindo contra clubs consolidados e acadando bos resultados que auguran un futuro promotor. A aposta polo ping pong xurdiu, segundo a técnica de deportes de Santiso, Laia Agra, “ante a imposibilidade de reunir un número suficiente de rapaces para formar un equipo e competir noutro deporte”. A actividade continuará o próximo ano e sumaráse o campo a través.

Adarve faise co I Torneo de tiro con arco de Toques



Os participantes lanzaron dende unha distancia de 18 metros

O pasado 21 de abril celebrouse a primeira edición do Torneo de Tiro con Arco “Concello de Toques”, que congregou no pavillón municipal a oito clubs de arqueiros de diferentes puntos da provincia da Coruña. A competición, organizada por Arqueiros do Adarve, de Carral, comezou con varias roldas de participación libre na que os asistentes puideron practicar e recibir nocións básicas sobre o ma-

nexo do arco e as técnicas de tiro. Xa pola tarde, e despois dunhas tiradas prácticas, desenvolveuse o campionato propiamente dito, no que todos os equipos competiron entre si e do que saíu vencedor o Club Adarve de Carral cunha puntuación global de 1.019 puntos. Seguíuno moi de preto o Club Ágora de Boimorto con 1.014. En terceiro lugar, con 960 puntos, quedou o Club Arco da Laracha.

Toques, firme candidato para futuras fusións

A fusión de concellos planteouse inicialmente como unha medida voluntaria pero o Ministerio de Facenda acaba de facer a primeira proposta en firme para limitar as competencias municipais en función da poboación e abocar así á fusión aos concellos máis pequenos. O de Toques, con 1.343 habitantes, estaría na primeira liña de saída. A mesma sorte correría Vilasantar.

Malia que o goberno central fixa nos 5.000 veciños o límite para a agrupación de entidades locais, son aqueles con menos de 1.500 habitantes os considerados “inviáveis” economicamente segundo varios estudos realizados pola Xunta e os que terían máis papeletas para fusionarse cun concello lindeiro. Santiso e Sobrado, con 1.883 e 2.087 veciños respectivamente, tamén entrarían nas quinielas.

Case a metade dos 94 concellos da provincia da Coruña, concretamente o 43%, non chega aos 5.000 habitantes.

Sobrado terá 3 prazas para os campamentos da Deputación

O Concello de Sobrado disporá este ano de tres prazas nos campamentos deportivos que pon en marcha a Deputación da Coruña cada verán. O período de inscrición para participar nesta actividade, que xa está aberto, rematará o día 1 de xuño. Os campamentos de verán están dirixidos a rapaces e rapazas con idades comprendidas entre os 9 e os 13 anos. Os interesados deberán aboar 85 euros en concepto de cota de participación, unha cantidade que inclúe os gastos de estadía, manutención, transporte interno e realización de actividades. O ingreso farase a través de transferencia bancaria na conta que no seu momento determine a Deputación. Todas aquelas persoas que desexen recibir información sobre a inscrición e o tipo de actividades que se desenvolven no campamento poden acudir á Casa do Concello ou chamar ao 981 78 75 08.

Rueda: “O queixo da Ulloa é unha aposta de futuro”



O Conselleiro de Presidencia (no centro) foi nomeado comendador

Máis de 5.000 persoas pasaron por Palas de Rei na fin de semana do 14 e 15 de abril para visitar a Feira do queixo Arzúa-Ulloa, que na súa vixésimo primeira edición tivo un marcado carácter institucional. Entre os persoeiros que este ano recibiron a capa que os acredita como “comendadores” figura o Conselleiro de Presidencia, Alfonso Rueda, que falou do queixo da co-

marca da Ulloa como un exemplo de “produto único, con imaxe propia e calidade contrastada”. Nese sentido, defendeu a diferenciación e a exportación de produtos típicos de Galicia como unha “aposta de futuro”. Rueda tamén quixo agradecer o “traballo e enxeño” dos veciños de Antas, Monterroso e Palas por organizar unha feira que se supera ano tras anos.

Sobrado acolle con éxito o II Encontro de Corais



Momento da actuación da Coral “Vía Sacra” de Sobrado

Nin o frío xélido da Igrexa Maior de Santa María nin a chuva intensa foron quen de evitar que centos de persoas se achegasen o 15 de abril ata Sobrado para asistir ao II Encontro de Corais organizado pola Asociación de Mulleres Rurais “A Maristela”. Durante algo máis de hora e media o espazo inundouse das voces acompañadas de catro agrupacións, ademais da anfitriño: a Coral

Polifónica de Melide, Souto de Reixeñor da Fonsagrada, Santa María de Cambre e a Coral Pontemantible de Santiago. Pechou a actuación a Coral Polifónica “Vía Sacra” de Sobrado, que recibiu unha sonora ovación. Creada hai tan só catro anos, e dirixida por Malena Pazos, Vía Sacra pasou de ter 6 membros en 2008 a 26 na actualidade. O 17 de maio actuará na Fonsagrada.

FALA A OPOSICIÓN: PARTIDO POPULAR DE SANTISO

“En Santiso non son necesarios tres alcaldes metidos toda a mañá no concello e cobrando”

Estiveron catro anos á fronte do goberno de Santiso, dende 2007 a 2011. Nas derradeiras eleccións foron a forza máis votada pero un pacto a tres entre PSOE, BNG e Independentes afastounos do bastón de mando. Agora, dende a oposición, o grupo municipal do Partido Popular fai un balance moi crítico da xestión que está a realizar o tripartito e valora para

Cerne as polémicas que afloraron na vida política de Santiso neste primeiro ano de lexislatura. Os concelleiros Ovidio Leiva e Matilde Pallares poñen enriba da mesa cuestións candentes como o déficit, os orzamentos para 2012, a execución de obras ou as remuneracións económicas do equipo de goberno. Fala a oposición. Fala o Partido Popular de Santiso.

- Como valoran a xestión do tripartito PSOE - BNG - Independentes tras case un ano da súa chegada ao goberno local ?

- Ovidio Leiva (O.L.): En realidade é un desgobierno. Chegas moitas veces ao concello e tes que andar a voltas por alí para que mire alguén para ti. Estannos negando un local para a oposición que nos teñen que dar por lei, suprimiron as comisións informativas e os asuntos importantes sempre os meten nos plenos ordinarios por vía de urxencia. Deste xeito non nos dan opción a poder estudar e traballar os temas da orde do día. Xa nos queixamos sobre isto ante a Subdelegación do Goberno.

- Matilde Pallares (M.P.): Neste ano non fixeron nada novo a maiores do que había. A xestión dun concello require traballar unidos, falar, coordinarse e delegar funcións. Iso agora non existe.

-Botan de menos unha acción de goberno conxunta?

-M.P.: Oxalá o pobo puidese ver as manobras que fan todos os días dentro do concello para saber se están coordinados ou non. Se son un tripartito de verdade e un bloque unido, nos tempos que corren deberían predicar co exemplo. Santiso non necesita tres alcaldes metidos toda a mañá no concello cobrando. Xa que se supón que están de acordo, abundaría con que cobrase un só. A austeridade da que falan demóstrase aforrando.

- Este ano Santiso perdeu subvencións por non liquidar as contas a tempo. O goberno local atribúeo á herdanza que recibiron de vostedes.

-O.L.: Nós no 2007 tamén



Matilde Pallares e Ovidio Leiva no restaurante “A Ponte”, en Arcediago

atopamos o concello nunha situación lamentable a nivel administrativo, coas contas de varios anos no aire e moi complicadas de resolver. Para min foi un asunto prioritario e contratamos dous auxiliares administrativos. As contas atrasadas puxéronse ao día pero as liquidacións máis recentes quedaron pendentes porque a secretaría non foi quen de sacar adiante todo o volume de traballo. En ningún caso foi por desidia na nosa xestión.

-Que parte de responsabilidade teñen no déficit de 261.000 euros de 2010 ?

O.L.: Nós sabemos que deixamos no banco 928.000 euros e que as facturas pendentes non eran nin o 50% desa cantidade. O concello de Santiso nunca estivo endebedado. Hábía algunhas facturas sen pa-

gar porque non se pode incorporar remanente ata que non se teña feita a liquidación do último exercicio. Á marxe diso, a min o que sempre me preocupou era ter un fondo de cartos para pagar. Se deixamos case un millón de euros e eles están falando de facturas que non chegan ao medio millón... cartos hai.

-Entendo, xa que logo, que non consideran necesario o plan de axuste económico que se aprobou hai un par de meses.

-O.L.: Non está xustificado. Santiso é un concello con pouco gasto de persoal e xa só polo embalse de Portodemouros cobramos case 200.000 euros. Cando entramos nós no goberno estaba pagando o mínimo de IBI (Imposto de Bens Inmóveis), que era o 0,6% e nós subímoslle ao máximo,

que é o 1,3%. Pasamos de cobrar 70.000 euros a cobrar 160.000. Pero ademais, polo IAE (Imposto de Actividades Económicas) Santiso non cobraba nada e agora está percibindo 18.000 euros e cobrou outros 120.000 de atrasos.

-M.P.: Cando lle subimos o IBI a Fenosa tamén subimos o urbano do 0,35% ao 0,4% para evitar que nos denunciasen por agravio comparativo. Foi unha decisión moi criticada. Fenosa e o embalse levaban aí máis de 30 anos pero ninguén se preocupara por recadar un só céntimo para o concello. Nós preocupámonos e conseguimos os cartos. Canto perdeu Santiso por non ter reclamado no seu día?

-O.L.: A xestión do tripartito si que vai endebedar o concello e iso non o evitará ningún

plan de axuste. No último orzamento as previsións de ingresos están infladas. Esperan uns cartos que non van ter e ao final o resultado das contas será negativo.

- Boa parte das súas críticas céntranse nas obras que se están a realizar. Por que?

-M.P.: Agora as obras custan máis e van mal feitas. Antes con poucos cartos facíanse máis traballos porque botabamos man do persoal municipal, aproveitabamos as baixas das obras e usabamos o camión do asfaltado, que mercamos nós. Agora téñeno completamente parado.

-O. L.: Un exemplo son as obras de asfaltado de Beigondo. Quedan tramos moi estreitos, sen asfaltar, e levan 3 centímetros de aglomerado. O tramo que deixamos feito nós leva 7 centímetros e os cartos eran máis ou menos os mesmos. Por outra banda, nós fixemos un proxecto coas baixas do Plan de Cooperación da Deputación para rematar o saneamento en Rendos, Pezobre e Saá e para poñer a depuradora no saneamento que se vai facer en Visantoña. Tiñámoslle un sitio buscado pero a depuradora non se rematou e non houbo explicación. Como consecuencia, a primeira e a terceira fase do alcantarillado están sen rematar. Hai que darlle solución porque a obra quedou parada e son cartos que están aí mortos.

-Zanxaron a polémica coa Banda de Visantoña ?

-O.L.: Nós demoslle 12.000 euros de subvención á banda, unha cantidade que nunca recibiran. Se estiveramos hoxe no goberno volveríámoslla dar, igual que ao resto. Nunca discriminamos a ninguén.

A Festa do Melindre medra e abre novas fronteiras

“Haberá que ir a Melide o 13 de maio”. É a conclusión que saca un compostelán nada máis meterlle o dente a un dos centos de doces tradicionais que se repartiron na Praza de Abastos de Santiago en coincidencia coa presentación da XXI Festa do Melindre. O Concello e a asociación de reposteiros locais Terra Doce decidiron abrir fronteiras e levar a promoción do evento ata un dos mercados máis emblemáticos “para dar a coñecer a toda Galicia, dende o cerne de Galicia e na capital de Galicia os nosos produtos máis prezosos e a repostería tradicional de Melide”, aseguraba a alcaldesa, Ánxeles Vázquez.

Acompañada por varios concelleiros e pola tenente de alcalde de Santiago, Reyes Leis, participou no reparto gratuito de melindres, ricos e amendoados entre as persoas que facían as súas compras na Praza de Abastos compostelá. A iniciativa espertou interese e axiña se formou un rebumbio arredor da carpa ateigada con cestas e bandexas de doces elaborados Casa Estilo.



Membros do executivo melindense e o melindreiro local Alberto R. Fondevila con varios peregrinos na Praza de Abastos de Compostela

Mesmo houbo quen xa sacaba a carteira para mercar, o que supón un bo augurio para unha festa que na derradeira edición despachou unha tonelada de doces artesanais.

A xornada serviu para dar a coñecer e para traer ao recordo, todo a un tempo, o produto típico por excelencia de Melide. Ángeles e Teresa aínda lembran que no seu camiño en autobús cara Lugo “sempre aproveitabamos a pa-

rada en Melide para comprar unha bolsa de Melindres”. Ao seu carón, un peregrino procedente de Guinea Bissau proba por primeira vez o produto e asegura que lle gusta “porque está muy dulce, riquísimo”.

Na súa vixésimo primeira edición, a Festa do Melindre abre fronteiras tamén a novo público e confía en que o traballo feito sexa recoñecido en breve coa distinción de “Festa de Interese Turístico Galego”.

Estreas musicais, seis padriños e moitas caras coñecidas

É unha festa tradicional pero co paso do tempo vai incorporando novidades e despois de vinte e un anos o melindre terá por primeira vez “padriños”. Seis serán os embaixadores que levarán o seu nome e as súas propiedades alá por onde vaian: Xesús Vázquez, Conselleiro de Educación; Ana M^a Asenjo, Vicepresidenta da Diputación de Palencia; Tomás Alonso, presentador do programa “Larpeiros” da TVG; Alejandro Rubín, xerente de Expourense; Froito Novo, agrupación melindense senlleira de música tradicional e Marcelo Tejedor, prestixioso restaurador galego.

A entrega de títulos será ás 12:30 na Praza do Convento e estará conducida por Marta Landín, xornalista natural de Melide e un dos rostros máis coñecidos de Tele Madrid. Collerá o relevo doutra cara televisiva, a de Tomás Alonso, que será ademais de embaixador o encargado de ler o pregón ás 12:00 horas. A Festa dará comezo unha hora antes coa apertura dos stands para a venda e degustación dos doces e coas actuacións musicais na Praza do Convento, que tamén será o escenario para a emisión en directo do espazo dedicado á gastronomía “Come e fala”, da Radio Galega.

Xa na xornada de tarde, ás 17:00 coñeceranse os gañadores do V Concurso de Debuxo Infantil Melindresricos, no que se entregarán premios por cortesía da tenda Cousas Novas valorados en máis de 600 euros. Serán catro, un por categoría, e consistirán nunha videoconsola, un helicóptero teledirixido, un tractor e unha motocicleta.

Como colofón final á programación, Os Cempés reaparecerán en Melide tras catro anos de descanso para presentar na vila o seu último disco. A actuación será ás 20:00.



**Tenda degustación de
queixo e produtos
artesanais de calidade**
**Rúa San Pedro, 16
MELIDE**

Tenda Tf-fax 981 505 723
Queixería tf 981 510 702
Balada – Visantón
15809 Santiso
xebre@telefonica.net

ERUOM viños

XOÁN CARLOS GARCÍA MONTERO
Comercial
Móvil: 678 543 240

Pol. Ind. do Tambre - Vía Galileo, 9
15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel. 981 519 999
comercial@eruom.com

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Rioja
Ribera del Duero
Rueda
Ribeiro
Vinos de Madrid
Somontano
Bierzo
V.T. Castilla y León
V.T. Castilla
Navarra
Toro
Rías Baixas
Valdeorras
Ribeira Sacra
Vinos del mundo
Champagne



**MARMOLERÍA
MELIDE S.L.L.**

Fábrica y oficinas:

Parque Empresarial de Melide. Parcela nº 42
Tfno / Fax.: 981 505 518
15800 MELIDE (A Coruña)

- ARCOS
- BALAUSTRADAS
- COLUMNAS
- CHIMENEAS
- LÁPIDAS
- PLATOS DE DUCHA
A MEDIDA

→ → Camino de Santiago → → IMPRESCINDIBLES DEL PEREGRINO EN MELIDE



Ponte románica de Furelos



Albergue Turístico
O Apalpador

Rúa San Antón, 21
15800 MELIDE (A Coruña)

Teléfono: 981 507 944
(Coruña) (A Coruña)

www.albergueapalpador.com
www.albergueapalpador.com



Praza do Convento

Pousada Chiquitín

- Almorzos
- Menú do día
- Unha carta con pratos moi variados
- Habitacións
- Terrazas

Tfno.: 981 815 333 - Fax: 981 507 560
Rúa San Antón, 18 - 15800 MELIDE (A Coruña)
www.pousadachiquitin.es • info@pousadachiquitin.es

CAFETERIA CHAPLIN

Platos combinados, pastas, caldo

Cafetería IVORY

DESAYUNOS - TAPAS - PASTAS

Tfno.: 981 50 70 03
Calle de San Roque, 1

15800 MELIDE (A Coruña)

50º ANIVERSARIO
Pulpería EZEQUIEL

Por nuestros clientes y calidad nos conocen en todo el mundo

Tfno./Fax: 981 50 52 91
Móvil: 686 38 33 78
Ctra. de Lugo, 48
15800 MELIDE (A Coruña)

cafetería Cervecería stop

Localización: MELIDE

Desayunos:

1. Café con leche doble, chupito de zumo de naranja natural natural y croissant: 2,30 €
2. Café con leche doble, tostadas de pan artesano o bollería, chupito de zumo de naranja natural: 1,95 €
3. Café con leche doble, tostadas de pan artesano o bollería y zumo de naranja natural grande: 4,00 €

RESTAURANTE - PULPERIA
Alfonso II

Espectáculo en directo de música tradicional desde 1997

PULPERIA - RESTAURANTE - COCTELES - BAR - CANTINA

Calle de Lugo, 82
MELIDE (A Coruña)

Tel: 981 50 70 03
Móvil: 676 38 33 78

Ezequiel
eventos privados

Excelentes Menús, regados con vinos RIOJA

Travesía do Sol, 7 - 15800 MELIDE
Telfs: 981 505 291 - 686 583 378


CASA DE LOS SOMOZA
TURISMO RURAL

CASA DE LOS SOMOZA

Tfno./Fax: 981 50 73 72 • Móvil: 687 39 20 90
Coto - Leboeiro - MELIDE (A Coruña)

Pulpería A GARCÍA

Móvil: 605 883 268
Camino Vello de Santiago, 2 - Melide (A Coruña)
e-mail: garciamelide@gmail.com



PROGRAMA

- 11:00** - Apertura de stands. Praza do Convento
- 11:30** - Actuación do grupo "Palacio do Rei" (Palas de Rei).
- 12:00** - Pregón a cargo de Tomás Alonso, do programa "Larpeiros" da TVG.
- 12:30** - Entrega dos títulos de recoñecemento "Embaixadores do Melindre"
- 13:00** - Emisión en directo do programa "Come e fala", da Radio Galega. Animación de rúa con "Froito Novo" e "Chirigota"
- 17:00** - Entrega de premios do V Concurso de Debuxo Infantil "Melindresricos"
- 17:30** - Actuación de clown "Manualidades", con Manu Lago.
- 20:00** - Actuación musical na Praza das Coles: Grupo Folk do Conservatorio de Melide e OS CEMPÉS.



todos los sábados
desde

12 a 2 de la madrugada
fiesta latina
Container

DJ RESIDENTE RADIO LIDER:

MANU LÓPEZ

En Mayo:
Fiesta Coyote
y más.....!!!

Servicio de Dermatología Clínica

**DERMATOLOGÍA - DERMATÓLOGO
DR. DANIEL GONZÁLEZ VILAS - N° COL: 1510358**



Diagnóstico y tratamiento de lesiones cutáneas y mucosas:

- Tratamiento y asesoramiento en patologías como el acné, psoriasis, dermatitis atópica, eccemas, alopecias...
- Prevención, diagnóstico y tratamiento de tumoraciones benignas y malignas de piel: Nevus, fibromas, queratosis, carcinomas cutáneos...
- Diagnóstico y tratamiento de enfermedades infecciosas cutáneas: Molluscum Contagiosum, verrugas vulgares, venereología, impétigos, hongos...

**Cita previa:
Tel: 981 506 228**



CONSULTA EN CLÍNICA

Trebóns de música, baile e voces nunha Foliada que se consolida

“Esta é a festa máis alegre que hai en Melide”, sentencia Manuel Buján mentres pousa a súa copa de viño nun dos pipos do Big Ben e Os Chanqueiros de Mondoñedo fan retumbar as paredes do local coa súa música. Son as 12 da mañá do 28 de abril e a Foliada acaba de arrincar con forza sen necesidade de quen- tar motores. Aquí e acolá óense as gaitas, os bombos e as voces dos 16 grupos que participan no concurso Cantos de Taberna; a zona dos viños canta toda ela mentres aumenta a competencia por ver quen se divirte máis.

Á agrupación Os Sustos de Couso, da Estrada, semella que se lle dá ben: entrou na Boa Viña e armou unha festa tan grande que fixo quedar pequeno o local. Non hai marxe para bailar pero abonda o espazo para as risas que provocan os seus picantes retrousos: “Un vello máis unha vella trazaron de se casare, el porque estaba quente, ela por se quentare”. Remata a estrofa pero non o balbordo, e iso que aínda non saben que serán os ganadores do concurso...

Non hai auga que pare a Foliada: o trebón da xornada do sábado cadra cun xantar tardío e non fai máis ca deixar o cemento impecable para que a marcha gaiteira luza mellor ca nunca polas rúas de Melide. Remata co Himno do Antigo Reino de Galicia e a solemnidade do momento vai deixando paso á choiva que volve. Comeza o serán e baixo a carpa instalada na Praza das Coles concéntrase toda a esencia do que é a Foliada de Melide: unha festa para cantar e bailar, aberta á participación de todos e na que a cultura galega é a protagonista.

Un tras outro van desfilar polo escenario vinte e unha agrupacións. A afluencia de público, cada ano maior, non deixa moito espazo para o baile, pero sempre hai un curruncho onde alguén saca un punto para que o sigan expertos e aprendices, onde se improvisa unha xota ou unha muiñeira, onde se bota un pasodobre. Así é a Foliada. E como os ánimos dan para máis, a actuación de Pepe Vaamonde Grupo prolonga o espírito festeiro e o Home Or-



Os Sustos de Couso, da Estrada, ganadores de Cantos de Taberna

Nace a Banda de Gaitas Terra de Melide. Incluíuse como unha actuación máis dentro da programación, pero non por iso deixa de ser un feito relevante. A oitava edición da Foliada acolleu a presentación en público da Banda de Gaitas Terra de Melide, que nace “para motivar á xente que leva moitos anos tocando en grupos” e cunha clara “vocación de permanencia”, segundo aseguran os impulsores desta nova formación. Está integrada por 40 músicos (dos cales 19 son gaiteiros e gaiteiras) procedentes de cinco agrupacións de Melide, Toques, Arzúa, Sobrado e Antas de Ulla. Tras a boa acollida da estrea na Praza do Convento, o reto céntrase agora en traballar sobre un novo repertorio co que participar en circuitos e certames de toda Galicia.



questra completa a noite con case tres horas de música ininterrompida e un completo repertorio de cancións galegas.

Pasaban das catro e media da madrugada cando deixaron de soar todos os instrumentos que levaba colgados ao lombo pero calquera diría que a Foliada non parou: o domingo Melide amenceu de novo co son das gaitas. Animaron un día de feira grande e serviron de preludio para outro dos momentos especiais, e transcendentales, da programación: a presentación da Banda de Gaitas da Terra de Melide, bendicida tamén por unha chuva que deixou a promesa de tocar

nunha ocasión vindeira as dúas pezas que a auga non deu tempo a rematar.

Aínda estando ben destacado no programa, a actuación de peche a cargo de Odaiko Percussion Group non deixou de ser unha sorpresa para quen encheu, de novo, a carpa da Praza das Coles na tarde do domingo. Unha proposta diferente, innovadora, baseada na combinación de percusión, corpo, voz e teatro que convenceu ao público asistente.

Así rematou a Foliada, pero calquera diría que aínda non parou. Semella que Melide amence todos os días co son das gaitas.

Máis de 300 persoas asisten á sexta Festa da Hostalería

Acostuman a traballar cando o resto do mundo descansa pero os hostaleiros de Melide tamén teñen o seu día para dar o salto ao outro lado da barra e gozar dunha xornada de ocio e confraternidade: é a Festa da Hostalería, que este ano se celebrou o 19 de abril no Pazo de Exposicións e Congresos.

Dende 2007 os hostaleiros da vila veñen organizando esta xornada de confraternidade e lecer, dedicada aos profesionais do sector, que na súa

sexta edición congregou a máis de 300 persoas.

Ás oito da tarde os establecementos pecharon as súas portas e pasadas as nove deu comezo unha festa na que o menú se fixo esperar máis do previsto: polbo, carne ao caldeiro con patacas, pan, viño, sobremesa e café como paso previo a unha longa noite de música amenizada por dúas das mellores orquestras do panorama musical galego; “Philadelphia” e “París de Noia”.



Antes da verbena os asistentes deron conta dun completo menú

Tenda Xebre pon en valor os produtos típicos da comarca

Baixo o lema “Coñecelos para valoralos”, a Tenda Xebre de Melide acolleu dúas xornadas gastronómicas, organizadas en colaboración coa EFA Piñeiral de Arzúa, para poñer en valor os produtos da terra, divulgar a súa calidade e demostrar que son a mellor opción para calquera tipo de receita.

En concreto celebráronse dúas xornadas, unha de pastelería doce (o 28 de marzo) e outra de pastelería salgada (o 11 de abril) na que o alumnado

do centro arzuán puxo en práctica todo o aprendido no seu obradoiro os meses anteriores. Un dos produtos estrela, como non podía ser doutro xeito, foi o queixo. Algunhas das propostas presentadas foron tartas frías e ao forno, espuma de queixo ou bombóns con mel. As xornadas gastronómicas tamén contaron coa participación de numeroso público que degustou os produtos e se interesou pola súa elaboración.



Minia Varela, da Tenda Xebre, dirixíndose ao público asistente

Ferreiro e Anido abandonan en Trasmiera a falta de tres tramos

Jesús Ferreiro e Javier Anido sufriron un importante tropezado na terceira proba do Campionato de España de Históricos, celebrada o 13 e o 14 de abril en Trasmiera (Cantabria), ao ter que abandonar a tres tramos do final cando lideraban a carreira con máis dun minuto de marxe sobre o seu inmediato perseguidor, Toño Sainz.

O piloto melidense dominou o rally durante as dúas xornadas ata a súa retirada. Marcou o mellor tempo en sete dos dez tramos que realizou e conseguiu unha vantaxe de 1' 20" sobre Toño Sainz que parecía suficiente para facerse coa competición. Sen necesidade de arriscar, mantivo un bo ritmo ata que se viu sorprendido no tramo 10 por unha poza na estrada. Fixo aquaplaning, botouse fóra da pista e a mecánica do seu Porsche 911 RS quedou afectada, polo que lle foi imposible continuar. A climatoloxía e o tempo chuvioso foi determinante durante todo o campionato: dos 15 vehículos que comezaron o rally, tan só 8 fo-



Ferreiro fixo aquaplaning e botouse fóra da estrada

ron quen de rematalo.

Co abandono de Ferreiro, Toño Sainz conseguiu unha fácil vitoria a pesar de ser moi inferior ao piloto melidense durante todo o campionato. En segunda posición rematou Iñaki Barredo, ao volante dun Ford Escort MKI, administrando correctamente ao final do rally a vantaxe que mantiña cos seus principais competidores, Carlos Padilla e César Antón, que remataron terceiro e cuarto respectivamente cunha diferenza entre eles de tan só

unha décima de segundo.

Co abandono en Trasmiera, Jesús Ferreiro volve quedar ás portas da vitoria, ao igual que lle aconteceu nas dúas probas do campionato nacional celebradas ata agora; Rutas Cantabras e España Histórico. O tropezado en Cantabria afástao do liderado dunha clasificación xeral que está dominada polo apelido Sainz, ao ganar Toño o primeiro e o terceiro rally e o seu irmán Carlos o segundo. A próxima cita será a finais de maio en Toledo.

Merecido recoñecemento para un equipo de primeira



Foto de familia do equipo da Escuela Ayude tras a recepción

Os medallistas nacionais da Escuela Ayude nas categorías de Kick Boxing e Loita Olímpica foron recibidos na Casa do Concello en recoñecemento aos seus éxitos deportivos e a súa contribución a levar o nome de Melide por toda a xeografía española. A alcaldesa, Ánxeles Vázquez, manifestou o seu orgullo por contar na vila con deportistas destas características e destacou tanto o labor da escola como dos pais dos rapaces por fomentar a práctica dunhas

disciplinas minoritarias que transmiten grandes valores.

Club de Natación

Pola súa parte, o director da escola deportiva, José Ayude, fixo fincapé na importancia de manter o apoio institucional para poder seguir participando en competicións e continuar coa práctica destes deportes. Na súa intervención, Ayude anunciou a posibilidade de crear un club de natación que se engadiría ao resto de disciplinas da súa escola.

Clase de pilates e aerogap na piscina melidá

Dende o 13 de abril a piscina municipal de Melide ofrece dúas novas actividades deportivas: pilates e aerogap. As clases, que se impartirán en horario de tarde, son gratuítas para os aboados. As persoas que non sexan socias terán que pagar 46,94 euros ao mes para participar en calquera das dúas actividades.

O método pilates é un sistema de adestramento físico e mental creado a principios do século XX que conxuga o dinamismo e a forza muscular co control da mente, a respiración e a relaxación. Baséase en diferentes especialidades como a ximnasia, a traumatoloxía e o ioga. Pola súa banda, o aerogap é unha clase que consta de dúas partes e que une aeróbic máis exercicios do tren inferior. Durante os 30 primeiros minutos realízanse coreografías con pasos básicos e nos seguintes trabállanse glúteos, abdominais e pernas.

Os cabaleiros tomarán de novo a Terra de Melide



A Asoc. de Cabaleiros de Melide organizou por 1ª vez a ruta en 2011

O sábado 12 de maio, sábado, celébrase a Ruta Cabalar Terra de Melide, que acada este ano a súa segunda edición. A partida será ás 15:00 horas con paradas programadas pola xeografía da comarca. O Pazo de Congresos acollerá o peche da xornada, ás 22:00 horas, cunha cea de confraternidade e a actuación dunha orquestra. O prezo da inscrición é de 30

euros. Poderá facerse efectiva nos seguintes números de teléfono: 635 401 524 / 669 268 965 / 666 203 328 / 630 980 783. Haberá un recinto viñado para os cabalos. As entradas están á venda na Xoiería Pereiro de Melide ou na Guarnicionería Hermanos Gómez, en Arzúa. Será obrigatorio presentar o ticket de inscrición para facer a ruta.

“De Tapas na Zona Vella” dá 500 euros en premios



Os ganadores: Santiago Lea, Lucía Corral e Agustín Sesar

Para Santiago Lea, Lucía Corral e Agustín Sesar o atractivo de pasar unhas xornadas agradables na zona dos viños tivo unha compensación engadida: eles foron os gañadores dos premios en metálico que se entregaron con motivo das xornadas “De tapas na zona vella”, promovidas por varios establecementos do casco histórico melidense. A organiza-

ción sorteou 500 euros en premios (un de 300 euros e outros dous de 100 euros cada un) entre os clientes que realizaron consumicións nos 13 establecementos participantes.

A iniciativa desenvolveuse durante dúas fins de semana e púxose en marcha para contribuír a que Melide se consolide como a zona de tapeo máis importante do centro de Galicia.



A Foliada: unha mostra de turismo responsable

Santiago Prado Conde (Chago), antropólogo

Por que en tempos de futuro incerto segue a triunfar un acto festivo como a Foliada? Quizais se deba a que os seres humanos precisan transcender á idea de tempo, rachar coa cotidianidade reservada ao traballo ou, mellor dito nesta xeira que nos toca vivir, rachar co desalento que supón querer e non poder.

De feito, o ser humano é o único ser vivo capaz de tomar conciencia do tempo, e quizais sexa esta unha das principais diferenzas cos animais. O filósofo Odo Marquard lémbra-nos que vivir a súa vida é a cotidianidade do ser humano; distanciarse da súa vida, a festa. Seguramente que as verbas do analista alemán son axeitadas para unha das principais festas que xeran cohesión social na Terra de Melide.

Xa van oito anos, parabéns! Din algúns que ata o décimo aniversario non se pode falar dunha festa consolidada. Eu atreveríame a dicir que a Foliada emprendeu o camiño da consolidación dende a súa segunda edición porque foi quen de conectar a uns mozos e mozas con inquietudes semellan-



tes. Aínda que a organización corre a cargo da Asociación Cultural e Musical O Castelo, a quen é preciso agradecerlle a súa xenerosidade polo esforzo que realizan os seus integrantes ano tras ano, os verdadeiros protagonistas son as persoas que gozan durante estes dous días.

De feito, a Foliada permí-

teme continuar coa lectura social comezada hai dous anos. O turismo parécese un elemento acertado nestes tempos. Algo que pode chamar a atención dun habitante da comarca da Terra de Melide é a cantidade de xente foránea nesta época do ano. Pero non se trata dun turista que única e exclusivamente pasa, senón

que a Foliada foi quen de construír un turismo responsable. No ano 2004 asinou a Declaración de Cape Town (Sudáfrica) sobre turismo responsable, na que se definiu como un dos principios promover o respecto entre turistas e receptores, así como fomentar o orgullo local e a confianza. Este principio, en-

tre outros que aquí non temos espazo para expoñer, é un dos principais obxectivos da Foliada porque aqueles visitantes que se achegan poden participar, ben tocando, cantando ou gozando coas múltiples actividades que se ofertan.

A segunda parte do principio tócanos a nós, e pódese comprobar facilmente como aquelas persoas da Terra de Melide que participan na Foliada se senten orgullosas de que unha festa como esta se celebre na súa capital comarcal. Son moitos os que expresan que é a mellor festa do ano, outros que é unha festa marabillosa porque é quen de xerar harmonía entre as persoas que asisten e, outros moitos, porque lles permite realizar intercambios proveitosos, tanto en termos económicos como culturais, entre outros moitos motivos que se poderían esgrimir.

Remato entón outro ano máis agradecendo aos organizadores da Foliada e aos colaboradores o seu esforzo, e aos protagonistas –as persoas, tanto locais como foráneas– pola súa responsabilidade.

Defendendo a nosa riqueza forestal

Xosé Núñez López

No derradeiro número do Cerne lin que ía comezar no mes de abril o tratamento de fumigación dos eucaliptos en toda Galicia para atacar a peste que lles afecta e desamaneira eliminar o chamado gorgullo do eucalipto, coñecido cientificamente como *Gonipterus Scutellatus*. Hai dous anos que xa adiantaba eu neste mesmo medio o gran deterioro no que se atopaban os eucaliptais de Visantón-Santiso e aportaba dúas fotografías que ilustraban a penosa situación dos montes da Gandareira e do Coto do Piñeiro. A cotío ollaba as puntas das árbores secas como se mesmo limparan con elas o forno.

Ninguén pon en dúbida a riqueza forestal de Galicia, xeradora de cartos e de emprego. Recentemente publicouse que no territorio galego existen hoxe en día unhas 2.600 comunidades de mon-

tes, explotacións tecnicamente viables que non teñen necesidade de recorrer a diferentes fórmulas de agrupación debido á gran superficie da que dispoñen. Estímase que cada unha sería capaz de crear directamente entre un e dous postos de traballo, cunha suma total de 4.000 empregados, o que suporía un importante impulso para o desenvolvemento rural.

Outra publicación, o pasado mes de marzo, dicía que o Clúster da Madeira aporta o 60% da facturación do sector e o 22% do emprego en Galicia. A poboación de eucaliptos só ocupa hoxe o 40% da superficie con árbores da comunidade e aínda quedan moitos montes, nos que non se dan as especies autóctonas, onde poderían facerse plantacións de eucaliptos no canto de estar dando toxos e silvas.

Os eucaliptos tamén teñen

os seus inimigos, que polo xeral son aquelas persoas que nunca lles sacaron proveito porque non teñen montes de seu. Pero tamén son moitos os campesiños galegos que fixeron ou seguen facendo bos cartos coa venda dos eucaliptos, porque ademais de ser árbores que medran moito, permiten facer cortas cada poucos anos cando se rarean e se coidan. Recentemente tamén xurdiu outro inimigo do eucalipto; a Asociación Ecoloxista de Amigos da Terra, que está en contra das fumigacións aéreas alegando que o problema non é a invasión do *Gonipterus* senón a consecuencia lóxica dun erro inicial; o monocultivo do eucalipto.

Todos lamentamos que sexa necesario utilizar os funxicidas para case todo (froitais, viñedos, hortalizas...) pero o certo é que na nosa terra se non se fumiga non hai colleita.

A tecnoloxía na escola

Rafael Rodríguez Gaioso

Estamos a ser testemuñas dunha das maiores revolucións que se produciron na historia da humanidade. Eses acontecementos que ocorren unha vez en cada milenio. Unha revolución tecnolóxica que está mudando todos os aspectos da sociedade e que tamén afecta ao entorno educativo.

É a primeira vez na historia do ensino en que os alumnos teñen máis coñecementos e habilidades nunha determinada materia ca os profesores. As novas xeracións son "nativos dixitais", viven rodeados de pantallas e fan uso da tecnoloxía como algo natural, pero chegan á escola e utilizan os métodos e procedementos do século pasado. Saber de tecnoloxía non é ser capaz de realizar buscas, ou subir fotos a unha rede social. É modificar a túa forma de entender o funcionamento dos dispositivos que utilizas a diario. A escola ten que conseguir que os rapaces sexan capaces de "comprender" o funcionamento da tecnoloxía. O reto é conseguir que as xeracións futuras poidan dominar a tecnoloxía, en lugar de que sexa ao revés. E para alcanzar este obxectivo é imprescindible a incorporación de materias relacionadas coa programación e o deseño de dispositivos dixitais.

Formamos parte dunha xeración que se educou e viviu nun medio analóxico, pero agora estamos nun entorno dixital, polo que tamén teremos que cambiar o noso comportamento á hora de facer uso da tecnoloxía. É un cambio que levará tempo, pero temos que empezar xa a modificar a forma de traballar e pensar para non seguir sendo seres analóxicos nun mundo dixital.

Unha última reflexión: como educar aos nosos rapaces para profesións que aínda non existen e que probablemente serán eles os que as creen?

JOSÉ LUIS RAMOS RÚA, CAFETERÍA “MJ”

“Adaptámonos a todo tipo de clientes en función do día e da hora que sexa”

Recoñece que o seu traballo crea adición, bota de menos o día a día do bar cando está máis dunha semana fóra e certifica que os problemas se fan máis pequenos en canto se mete detrás da barra e comeza a servir viños e bocadillos. Malia asegurar que a súa non é unha profesión vocacional,

as verbas delatan que José Luis Ramos Rúa atopou no seu negocio, a Cafetería MJ, un lugar no que se sente cómodo e goza traballando. Despois de 26 anos implicado no sector, segue estudando o xeito de mellor contentar ao cliente: “hai que ter algo de psicólogo, cada persoa é un mundo”.

-Como foron os seus inicios na hostalería ?

-Empecei de camareiro no Trece, en Melide. Hai xa 26 anos. Estaba na típica etapa na que non queres saber nada dos estudos e prefires traballar. Logo collín con meus irmáns a Cafetería Crystal. Tamén tiveron un pub e un bar na zona do instituto. Non foi algo vocacional nin de herdanza familiar pero rematamos por dedicarnos á hostalería catro irmáns. E foi coma unha droga; unha vez que empezamos, non puidemos parar. (Ri)

-Cantos anos leva á fronte da Cafetería MJ?

-Catorce. Esta aventura comezou fortuitamente, cunha chamada do antigo dono un sábado ás sete da mañá. El estaba aburrido do negocio e decidín collerlle o local porque me parecía boa zona e porque xa tiñamos a clientela feita. Tiña un socio ao que non o convenceu a idea e quedei eu só. Reformei o establecemento por completo e... aquí sigo.

-Que enfoque ten o negocio?

-Hai que darlle un pouco a todo, que está a cousa moi fastidiada (ri). En xeral procuramos adaptarnos a todo tipo de clientes en función do día da semana e da hora que sexa. Polas mañás traballamos os cafés, a mediodía os viños, despois de xantar sempre hai partidas e pola noite creamos un ambiente de bar de copas con música baixiña. Os domingos damos tapas de callos e tamén traballamos moito os bocadillos, as hamburguesas e os sandwiches, sobre todo os sábados de madrugada.

-Pódese dicir que as fins de semana son unha mina



José Luis Ramos Rúa leva 14 anos rexentando a Cafetería MJ

de ouro para a vila ?

- En Melide temos a gran sorte de que levamos moitos anos mantendo unha liña moi boa nas fins de semana. Tal e como están as cousas, é un recurso moi importante. Ademais beneficia a todos os locais: ceas, copas, durmida... Eu levo aquí toda a vida e cada sábado sigue entrando na cafetería xente que nunca vin.

-Cal é a clave do éxito ?

-Penso que hai un ambiente san, as copas están a un prezo razoable e hai moito onde escoller. A zona de viños está moi ben montada, os pubs son moitos e moi variados, abundan as cafeterías e tamén hai bos sitios para cear. Por outra banda, non é un lugar de paso onde nos aproveitemos dos clientes. Intentamos portar-

nos ben para que volvan e os que estamos detrás da barra procuramos que queden contentos aínda que ás veces haxa que perder algo.

-A movida tamén ten a súa parte negativa.

-Pois si. As fins de semana lévanse cada vez peor. Non porque sexan conflictivas, senón porque os anos van pasando, estás xa moi curtido e quizais te volves máis esixente e non pasas por enriba cousas que antes tolerabas. Moitas tonteirías das que antes te rías agora resultan antipáticas. De todos xeitos, nunca tivemos grandes problemas e a xente en xeral é respectuosa. Non hai queixa.

-Que hai que facer para ter ao cliente contento e, sobre todo, conservalo?

-Hai que ter algo de psicólogo, porque cada cliente é un mundo. Hai quen vén tomar algo por falar un pouco e estar entretido, outro quere que lle poñas o café e que non o molestes... trátase de ir estudando os comportamentos e coñecendoos pouco a pouco. Aquí vén moito cazador e fálase de caza; se é futbolero, fálase de fútbol... estar en constante harmonía cos clientes é a mellor maneira de que se sintan cómodos.

-Traballa nun sector con moita competencia. Como se leva ?

-Cada un ten que dar o máximo posible para ter a xente contenta, pero penso que cada local ten a súa clientela e que en xeral ninguén se preocupa do veciño. Levámonos ben.

“Melide ten a gran sorte de levar moitos anos mantendo unha boa liña as fins de semana”

“A parte boa deste negocio é que te metes detrás da barra e os problemas desaparecen”

-Hai que ter un carácter especial para traballar na hostalería?

-Eu penso que non todo o mundo vale. Podes ser un camareiro fenomenal e servir de marabilla pero non ser capaz de darlle conversación á xente. Iso tamén é importante. É a suma de moitos factores. Se cadra é mellor que sirvas máis lento pero que interactúes coa clientela. Ter un carácter aberto é fundamental.

- Que é o mellor de ter unha cafetería?

-Que coñeces a moita xente, moi diferente, e que se trata dun traballo que crea adición. O contacto co cliente obrígate a falar, a poñer boa cara, a bromear... cando teño algún problema, métome detrás da barra e todo desaparece.